I TORNEO DE XADREZ BAIXO MIÑO

ORGANIZA: Club Xadrez Tui

COLABORAN:

DATAS: 31 de outubro e 1 de novembro de 2026.

SISTEMA: Suízo a 6 roldas.

RITMO DE XOGO: 60’ + 30’’ por xogada, valedoiro para ELO FIDE.

LOCAL DE XOGO: Espazo Sociocultural da rúa Camilo José Cela (Tui)

HORARIOS:

Sábado 31 de outubro:

-Presentación 10:00 h. O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

-Rolda 1: 10:15 h.
-Rolda 2: 15:15 h.
-Rolda 3: 18:30 h.

Domingo 1 de novembro:

-Rolda 4: 10:15 h.
-Rolda 5: 15:15 h.
-Rolda 6: 18:30 h.
-Entrega de premios: tras finalizar a última rolda.

PREMIOS:

-Trofeo ao/á Primeiro/a clasificado/a.
-Trofeo ao/á Segundo/a clasificado/a.
-Trofeo ao/á Terceiro/a clasificado/a.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-1800 Elo Fide.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-1600 Elo Fide.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sen Elo Fide.

-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-16.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-14.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-12.
-Trofeo ao/á mellor xogador/a Sub-10.

*Os premios non son acumulables, polo que se repartirán pola orde na que están reflectidos nestas bases e o/a xogador/a deberá estar presente na entrega de premios.

INSCRICIÓNS: Enviando correo electrónico a info@xadreztui.org ou contactando ao 603413734. O prazo de inscrición remata o xoves 29.

Pago de cota de 10 € no local de xogo, que deberá efectuarse antes do inicio do torneo.

Cota de balde:

- Para os xogadores socios do Club Xadrez Tui.

DESEMPATES:

1º Encontro directo

2º Bucholz -1

3º Bucholz

4º APRO

5º Sorteo.

ARBITRAXE: Francisco José Fonseca Alonso.

BASES

• O torneo está reservado para xogadores cun ELO menor de 2400, e deberán estar federados na tempada 2026. Os xogadores con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.

• O torneo realizarase mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introdución dos resultados.

• O tempo de espera será de 30’, transcorrido ese tempo, se un xogador non se presenta ante o taboleiro, perderá a partida.

• Haberá 1 BYE de ½ punto a disposición dos xogadores, que poderá utilizarse só nas catro primeiras roldas. Concederase só por causa xustificada e sempre que se teña aboada a inscrición. A organización poderá conceder outros BYES de 0 puntos.

• Para o non contemplado nestas bases, atenderanse as Leis do Xadrez da FIDE.

• A participación neste torneo supón a aceptación destas bases, tendo presente que o obxectivo do mesmo é gozar do xadrez nun ambiente de cordialidade.

ACEPTACIÓN: OS PARTICIPANTES NO TORNEO AUTORIZAN Á PUBLICACIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS E IMAXES RELACIONADAS CO TORNEO, NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN OU REDES SOCIAIS QUE A ORGANIZACIÓN CONSIDERE OPORTUNOS, COA ÚNICA FINALIDADE DE DAR UNHA AXEITADA DIFUSIÓN DO TORNEO.